

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 345/2016

Procedida á convocatoria para a contratación da obra de Mellora da rede de saneamento na contorna da praza de Castela, incluída no Plan de Obras e Servizos 2016 da Deputación provincial, e unha vez rematou o prazo de presentación de propostas, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación

VOGAIS:

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.
- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.
- Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do concello.
- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

SECRETARIA DA MESA: Carmen Trillo Mouzo, funcionaria do concello.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública para o día **1 de setembro, xoves, ás 10:00 horas**. Se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, procederase acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE B, Oferta económica, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Corcubión a 29 de agosto de 2016

O Alcalde

A Secretaria

Manuel Insua Insua

Irene Suárez López